



Tribunal procedemento selectivo para o acceso á
escala facultativa de arquivos, bibliotecas e museos,
especialidade bibliotecas
RR do 11 de novembro de 2021

SEGUNDO EJERCICIO – CUESTIONARIO TIPO TEST

ACCESO LIBRE – 120 PREGUNTAS + 5 DE RESERVA

VERSIÓN EN GALEGO

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2022

1. En que anos foron aprobados os vixentes regulamentos das bibliotecas universitarias das tres universidades públicas galegas?

- a) USC en 1998, UDC en 2008, UVigo en 2018
- b) USC en 1988, UDC en 2004, UVigo en 2002
- c) USC en 1998, UDC en 2008, UVigo en 2012
- d) USC en 2001, UDC en 1998, UVigo en 2003

2. Onde regula a Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, o concepto de biblioteca universitaria?

- a) Na disposición adicional vixésima quinta.
- b) A lei non regula o concepto de biblioteca universitaria.
- c) No artigo 76.
- d) No artigo 25.6.

3. De acordo coa información facilitada pola súa páxina web, cantas bibliotecas, bibliotecas de centros e bibliotecas intercentros integran na actualidade a Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela (BUSC)?

- a) 19
- b) 10
- c) 15
- d) 11

4. Consonte o artigo 149 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, a Biblioteca Universitaria estruturarase de acordo con criterios:

- a) de eficacia e eficiencia organizativa.
- b) de territorialidade ou de especialización das coleccións e servizos.
- c) de coordinación, unidade de mando e continuidade.
- d) de racionalidade e xerarquía organizativa.

5. Consonte o *Documento marco para la integración de las competencias profesionales en las pruebas selectivas de bibliotecas universitarias* de REBIUN, cal das seguintes competencias non forma parte das competencias profesionais dos bibliotecarios de bibliotecas universitarias?

- a) Busca, recuperación, acceso e uso de información e documentación.
- b) Análise da actividade científica.
- c) Organización da información.
- d) Planificación e avaliación de proxectos.

6. Na segunda edición (2019) das fichas de caracterización dos *Perfiles profesionales del Sistema Bibliotecario Español* do Consejo de Cooperación Bibliotecaria, que outra denominación recibe o *community manager*?

- a) Bibliotecario dixital

- b) Bibliotecario 2.0
- c) Bibliotecario encargado da web social
- d) Bibliotecario xestor de comunidades virtuais

7. Cal é a sigla do consorcio que sucedeu a Bugalicia logo da sinatura dun convenio de colaboración entre as universidades públicas galegas en maio de 2018?

- a) CBUGAL
- b) CISUG
- c) CIUGAL
- d) CBUG

8. Na actualidade, a BUSC está a participar nos acordos transformativos asinados pola CRUE e o CSIC con varias editoriais científicas internacionais entre as que se atopa só unha das que deseguido se indican. Cal é?

- a) Springer Nature
- b) Emerald
- c) Edward Elgar
- d) Walter De Gruyter

9. Cal destes conceptos non ten que ver coa planificación estratéxica?

- a) PESTEL
- b) DAFO
- c) Cadro de mando integral
- d) Matriz ESNT

10. En planificación estratéxica denomínase parte interesada ou *stakeholder*:

- a) Ao persoal da organización que participa directamente no proceso de elaboración do plan estratéxico.
- b) A un grupo ou persoa que pode afectar ou ser afectado pola consecución dos obxectivos dunha organización.
- c) Á parte operativa dun plan estratéxico.
- d) A cada unha das partes ou divisións principais nas que se artella un proceso de planificación.

11. Segundo a norma UNE 50137, a finalidade dos indicadores de rendemento bibliotecario é servir de ferramentas para avaliar a calidade e a eficacia dos servizos prestados por unha biblioteca. Como define a devandita norma o concepto de avaliación?

- a) Como a estimación da eficacia, eficiencia, utilidade e relevancia dun servizo ou instalación.
- b) Como a valoración da medida na que a biblioteca proporciona documentos, instalacións e servizos a un usuario no momento en que os demanda.

- c) Como a estimación da capacidade da biblioteca para satisfacer necesidades bibliotecarias declaradas ou implícitas da poboación ou comunidade á que serve.
- d) Como a valoración do desempeño dunha biblioteca verbo da calidade técnica dos seus servizos ao público.

12. De acordo co que establece a norma ISO 16439 sobre métodos e técnicas para avaliar o impacto dos servizos bibliotecarios verbo das enquisas ás persoas usuarias, como se denomina ás preguntas destinadas a comprobar a veracidade das respostas a unha cuestión?

- a) De filtro
- b) De contraste
- c) De control
- d) De monitorización

13. Indique cal dos seguintes termos non corresponde a un dos dez mandamentos de Faulkner-Brown verbo da construción de edificios para bibliotecas:

- a) Sostible
- b) Confortable
- c) Extensible
- d) Accesible

14. Como se coñece aos espazos bibliotecarios onde os usuarios/as poden traballar xuntos para crear e co-crear coñecemento e produtos físicos ou dixitais?

- a) Makerspaces
- b) Creative Commons
- c) Sandboxes
- d) Carrels

15. Indique cal das seguintes respostas non corresponde a unha teoría sobre o liderado:

- a) Liderado transaccional
- b) Liderado carismático
- c) Liderado situacional
- d) Liderado ponderado

16. A teoría da motivación de Herzberg establece que as persoas se motivan no traballo pola satisfacción e a insatisfacción. Mentres que a satisfacción é resultado de factores intrínsecos ou motivacionais, a insatisfacción responde a factores extrínsecos ou hixiénicos. Das seguintes respostas, indique cal non corresponde a un deses factores intrínsecos:

- a) As retribucións
- b) A promoción
- c) O recoñecemento

d) A responsabilidade

17. Como se denomina o principio formulado por Herbert Simon segundo o cal as persoas non poden tomar as decisións dun xeito totalmente racional debido a limitacións cognitivas e de procesamento da información?

- a) Principio da racionalidade limitada
- b) Principio da racionalidade parcial
- c) Principio da racionalidade contextual
- d) Principio da racionalidade perfectible

18. De acordo coa lexislación española de contratos do sector público, que é o limiar SARA?

- a) O límite porcentual do incremento do prezo dun contrato no caso de que estean contempladas varias prórrogas.
- b) O límite da contía do valor estimado dun contrato que marca se un contrato menor é prorrogable ou non.
- c) O límite que deben aplicar as mesas de contratación para determinar se unha oferta é anormalmente baixa.
- d) O límite da contía do valor estimado dos contratos que determina se o contrato está suxeito á regulación harmonizada.

19. A que capítulo do orzamento de gastos dunha universidade pública habería que imputar os gastos orixinados pola compra de consumibles informáticos da súa biblioteca?

- a) II
- b) VI
- c) IV
- d) III

20. Cal é a tecnoloxía na que se basean os resolvedores de ligazóns ou *link resolvers*?

- a) SFX
- b) MARC XML
- c) LinkText
- d) OpenURL

21. Ao facer unha busca nunha ferramenta de descubrimento, a navegación por facetas permite:

- a) Compartir unha ligazón en redes sociais.
- b) Acoutar a busca.
- c) Autocorrixir os termos da busca.
- d) Etiquetar os resultados.

22. Como se chama á indexación de contidos dixitais feita polas persoas usuarias a través de etiquetas ou *tags*?

- a) Cloud computing
- b) Folksonomía
- c) Ontoloxía áxil
- d) Tag sharing

23. Segundo o *Manual de buenas prácticas en las redes sociales* de REBIUN (2018), un dos indicadores para avaliar a presenza das bibliotecas nas redes sociais consiste en dividir a suma das interaccións dos usuarios coas mensaxes da biblioteca polo número de seguidores. Cal é o nome deste indicador?

- a) Tasa de monitorización
- b) Tasa de visibilidade
- c) Tasa de *engagement*
- d) Índice de frecuencia da actividade

24. Cantos díxitos ten un ORCID ID?

- a) 10
- b) 16
- c) 8
- d) 20

25. Cal é o servizo integrado na Web of Science que permite ás persoas investigadoras facer un seguimento das súas publicacións, métricas de citación, revisións por pares e traballos de edición de revistas?

- a) InCites
- b) Solutions
- c) Publons
- d) EndNote

26. O *approval plan* no proceso de adquisición defínese como:

- a) Na súa forma individual de adquisición, defínese como unha simple orde de compra na que existe un acordo sobre o prezo do pedido, que poderá ser devolto só se se constata que está defectuoso.
- b) Un método de adquisición segundo o que unha biblioteca recibe periodicamente envíos de novos títulos seleccionados por un distribuidor, en función dun perfil dos intereses da colección, con dereito a devolver o que a biblioteca decide non comprar.
- c) Un pedido realizado por unha biblioteca a un axente ou editor para que lle subministre automaticamente, ata novo aviso, cada número, volume ou parte sucesiva dunha serie segundo se publique. Os pedidos factúranse a medida que se envía cada volume e normalmente non permiten devolucions.

- d) Un acordo ou convenio polo que unha biblioteca recibe unha publicación ou o dereito de acceso a un recurso electrónico remoto durante un período de tempo tras o pago ao editor, axente de subscrición ou provedor.

27. Adaptándose á normativa legal reguladora e de acordo coas *Normas y directrices para bibliotecas universitarias y científicas* elaboradas por REBIUN (1999), cales son os criterios de expurgación?

- a) O contido temático, a previsión de uso previsto e o estado físico.
b) O contido temático, a previsión de uso, o estado físico e a non elección das obras ofertadas en doazóns, legados ou cesións.
c) O contido temático, o crecemento da colección, a previsión de uso, o estado físico e a non elección das obras ofertadas en doazóns, legados ou cesións.
d) O contido temático, o crecemento da colección, a previsión de uso, o estado físico e a conservación compartida a nivel de consorcios.

28. Que se entende por *Digital Rights Management* (DRM) no que atinxe a un recurso electrónico de información?

- a) Os DRM son tecnoloxías, ferramentas e procesos que protexen a propiedade intelectual permitindo a distribución segura ou deshabilitando a distribución ilegal.
b) Os DRM son acordos que establecen a licenza de uso dun documento segundo os dereitos patrimoniais e morais dunha obra.
c) Os DRM son licenzas de uso negociadas na actualidade consonte os acordos da Organización Mundial da Propiedade Intelectual (OMPI).
d) Os DRM son acordos entre bibliotecas, consorcios e plataformas de servizos de información electrónica.

29. Os comerciantes e coleccionistas holandeses foron os primeiros en utilizar o termo *rari libri*. Hoxe, a IFLA describe o termo "libro raro" nas súas directrices sobre as competencias do persoal a cargo do Fondo Antigo e de Coleccións Especiais en función dunha serie de criterios. Marque a combinación correcta deles:

- a) Valor de mercado, prezo real, data e lugar de publicación, características físicas e intrínsecas, valor bibliográfico e de investigación (interese histórico, cultural ou intelectual) e estado de conservación.
b) Valor de mercado, rareza e escaseza, data e lugar de publicación, características físicas e intrínsecas, valor bibliográfico e de investigación (interese histórico, cultural ou intelectual) e estado de conservación.
c) Valor de mercado, colección existente, data e lugar de publicación, características físicas e intrínsecas, valor bibliográfico e de investigación (interese histórico, cultural ou intelectual) e estado de conservación.
d) Valor de mercado, rareza e escaseza, colección existente, características físicas e intrínsecas, valor bibliográfico e de investigación (interese histórico, cultural ou intelectual) e estado de conservación.

30. No libro *Memoria de los señores bienechores de la Biblioteca pública de la Real Universidad Literaria de Santiago* establécese unha política de rexistro sistemático das doazóns na BUSC. A quen se lle atribúe a implantación desta política?

- a) A Joaquín María Patiño (1775-1848)
- b) A Francisco del Valle Inclán (1772-1775)
- c) A Frei Martín Sarmiento (1695-1772) no seu informe "Discurso del pájaro flamenco o fenicóptero"
- d) A Antonio Páramo y Somoza (1731-1786)

31. Os identificadores de autor/a son sistemas de identificación que teñen como obxectivo proporcionar códigos numéricos ou alfanuméricos únicos e permanentes para cada persoa investigadora co fin de facilitar a busca, asignación e visualización da produción científica a nivel global. Son identificadores de autor/a:

- a) *Virtual International Authority File (VIAF)*, *International Standard Name Identifier (ISNI)*, *Open Researcher and Contributor ID (ORCID)* e *Functional Requirements of Authority Data (FRAD)*
- b) *Friend Of A Friend (FOAF)*, *International Standard Name Identifier (ISNI)*, *Open Researcher and Contributor ID (ORCID)* e *Functional Requirements of Authority Data (FRAD)*
- c) *Friend Of A Friend (FOAF)*, *Virtual International Authority File (VIAF)*, *ISNI*, *International Standard Name Identifier (ISNI)*, *Open Researcher and Contributor ID (ORCID)* e *Functional Requirements of Authority Data (FRAD)*
- d) *Virtual International Authority File (VIAF)*, *International Standard Name Identifier (ISNI)* e *Open Researcher and Contributor ID (ORCID)*

32. O perfil do persoal docente e investigador establecido por REBIUN está relacionado coa creación e enriquecemento de rexistros de autoridade na contorna da web semántica e do Big Data, atendendo:

- a) Á implementación de Open Researcher and Contribution ID (ORCID), Virtual International Authority File (VIAF), International Standard Name Identifier (ISNI) e Datos.bne.
- b) Aos atributos e ás relacións asociados á entidade persoa do RDAtoolkit 2020.
- c) Á implementación do Open Researcher and Contribution ID (ORCID), o rexistro de investigadores/as da Comisión Nacional Evaluadora de la Actividad Investigadora (CNEAI) e o RDAtoolkit 2020.
- d) Á execución do Open Researcher and Contribution ID (ORCID), o rexistro de investigadores/as da Comisión Nacional Evaluadora de la Actividad Investigadora (CNEAI) e o modelo Bibframe.

33. A colección "Galicia" é un fondo singular dentro do catálogo da BUSC e está formada por:

- a) Obras expresadas en galego con independencia do seu lugar de publicación e todas as obras de creadores galegos publicadas exclusivamente en Galicia, prestando especial atención ao fondo retrospectivo.
- b) Obras de temática galega en calquera lingua, publicadas exclusivamente en Galicia, prestando especial atención ao fondo retrospectivo.

- c) Obras de temática galega escritas exclusivamente en lingua galega e todas as obras de creadores galegos e/ou publicadas en Galicia, prestando especial atención ás últimas novidades do mercado.
- d) Obras de temática galega en calquera lingua, expresadas en galego con independencia do seu lugar de publicación e todas as obras de creadores galegos e/ou editadas en Galicia, prestando especial atención á colección retrospectiva.

34. A plataforma de servizos *WorldShare Management Services + WorldCat Discovery* pertence a:

- a) OCLC
- b) ExLibris
- c) Innovative
- d) Sierra

35. As plataformas de servizos bibliotecarios utilizan:

- a) Unha arquitectura de tenencia múltiple (*multi-tenant architecture*), estándares de computación na nube e un modelo de distribución e licenzas de software como servizo (*Software as a Service*).
- b) Unha arquitectura de tenencia múltiple (*multi-tenant architecture*) e unha colección de servizos a través de módulos e fluxos de traballo separados.
- c) Estándares de computación na nube e un modelo de distribución e licenzas de software como servizo (*Software as a Service*) que non permite o intercambio ou compartición de recursos da plataforma.
- d) Arquitecturas con múltiples instancias onde cada organización ou cliente ten a súa propia instancia instalada da aplicación .

36. O Modelo de Datos de Europeana (*European Data Model*) substitúe ao antigo Modelo de Elementos Semánticos de Europeana (*Europeana Semantic Elements*). A partir de que modelos foi construído?

- a) RDF(s), OAI-ORE, SKOS e Dublin Core
- b) Dublin Core e Linked Open Data
- c) ESE, Dublin Core e Linked Open Data
- d) ESE, Dublin Core e OWL

37. O *Bibliographic Framework* (BIBFRAME) é un modelo de datos de descrición bibliográfica deseñado para substituír os estándares MARC avanzando cara a un modelo de datos enlazados. Hai tres niveis de abstracción, indíqueos:

- a) Obra (*Work*), instancia (*Instance*) e ítem (*Item*)
- b) Suceso (*Subject*), predicado (*Predicate*) e obxecto (*Object*)
- c) Axentes (*Agents*), sucesos (*Subjects*) e eventos (*Events*)
- d) Atributos (*Attributes*), obra (*Work*) e instancia (*Instances*)

38. A UNESCO nas súas *Guidelines for the Selection of Digital Heritage for Long Term Preservation* (2011) aplica tres criterios para a selección en proxectos de preservación das institucións da memoria. Cales son?

- a) Estar en relación á súa natureza efémera, concordar cos *CARE Principles for Indigenous Data Governance* e considerar a dispoñibilidade dos obxectos noutras institucións patrimoniais.
- b) A pertinencia ou significado relativo do patrimonio dixital para o seu mandato e o seu público; avaliar a sustentabilidade da propia institución e considerar a dispoñibilidade dos obxectos noutras institucións patrimoniais.
- c) A pertinencia ou significado relativo do patrimonio dixital para o seu mandato e o seu público; a colaboración das empresas tecnolóxicas; e a gobernanza cos creadores da información.
- d) Estar en relación á súa natureza efémera, concordar cos *CARE Principles for Indigenous Data Governance* e ter en conta a gobernanza das institucións da memoria.

39. PREMIS é un modelo de metadatos destinado a describir obxectos dixitais con vista á súa preservación a longo prazo, e defínese nunha serie de entidades. Cantas e cales?

- a) 2 entidades: Entidades intelectuais e obxectos
- b) 3 entidades: Eventos, axentes e dereitos
- c) 4 entidades: Obxectos, axentes, dereitos e propiedades técnicas
- d) 5 entidades: Entidades intelectuais, obxectos, axentes, acontecementos e dereitos

40. A Estratexia Nacional de Dixitalización (2022-2026) considera varias liñas, a saber:

- a) Liña 1: ampliar as coleccións dixitais e incrementar a súa calidade; liña 2: impulsar a visibilidade e reutilización das coleccións; liña 3: promover a cooperación nacional e internacional e liña 4: promover os estándares e as boas prácticas en todos os aspectos do desenvolvemento das coleccións dixitais.
- b) Liña 1: ampliar as coleccións dixitais e incrementar a súa calidade; liña 2: impulsar a visibilidade e reutilización das coleccións e liña 3: promover a cooperación nacional e internacional.
- c) Liña 1: ampliar as coleccións dixitais e incrementar a súa calidade; liña 2: impulsar a visibilidade e reutilización das coleccións; liña 3: promover a cooperación nacional e internacional e liña 4: lograr unha maior confluencia do patrimonio dixital coas industrias creativas do Estado.
- d) Liña 1: ampliar as coleccións dixitais e incrementar a súa calidade; liña 2: impulsar a visibilidade e reutilización das coleccións; liña 3: promover a cooperación nacional e internacional e liña 4: impulsar iniciativas en materia de dereitos de propiedade intelectual.

41. A BUSC vén desenvolvendo un plan de dixitalización das súas coleccións de fondo antigo. Na actualidade atópanse no Repositorio Minerva as seguintes coleccións:

- a) Biblioteca América, Galicia, Imprenta galega, Incunables, Literaturas Hispánicas (Séculos XV-XVIII), Manuscritos e Biblioteca Valle Inclán
- b) Biblioteca América, Galicia, Imprenta galega, Incunables, Literaturas Hispánicas (Séculos XV-XVIII), Manuscritos e Biblioteca Lago
- c) Biblioteca América, Galicia, Imprenta galega, Incunables, Literaturas Hispánicas (Séculos XV-XVIII), Manuscritos, Século XIX, Século XVI, Século XVII e Século XVIII
- d) Biblioteca América, Galicia, Imprenta galega, Incunables, Literaturas Hispánicas (Séculos XV-XVIII), Manuscritos e Biblioteca Bustamante

42. O Plan S é unha iniciativa encamiñada a unha transición cara ao acceso aberto promovido por *Science Europe* mediante *Coalition S*. Este plan establece 10 principios entre os que se atopa:

- a) As taxas de publicación ou APCs (*Article Publishing Charges*) deben ser sufragadas polas axencias de financiamento ou as universidades, non por investigadores individuais.
- b) As taxas de publicación deben ser sufragadas polas bibliotecas.
- c) Non se financiarán as APCs (*Article Publishing Charges*)
- d) O factor de impacto da publicación será determinante para o pago e financiamento da taxa de publicación.

43. As grandes áreas prioritarias da Axenda de Ciencia Aberta 2025 da Unión Europea son:

- a) Tres: Executar as políticas de acceso aberto dentro dun ecosistema de publicación académica xusto; implementar os principios FAIR (*Findable, Accessible, Interoperable, and Reusable*) na comunicación científica a nivel de publicación e datos de investigación e traballar os modelos de avaliación da investigación.
- b) Catro: Executar as políticas de acceso aberto dentro dun ecosistema de publicación académica xusto; implementar os principios FAIR (*Findable, Accessible, Interoperable, and Reusable*) na comunicación científica a nivel de publicación e datos de investigación; traballar os modelos de avaliación da investigación e fomentar a ciencia cidadá.
- c) Catro: Executar as políticas de acceso aberto dentro dun ecosistema de publicación académica xusto; implementar os principios FAIR (*Findable, Accessible, Interoperable, and Reusable*) na comunicación científica a nivel de publicación e datos de investigación; implementar os indicadores de investigación e métricas da próxima xeración (NGM) e fomentar a ciencia cidadá.
- d) Cinco: O acceso aberto aos produtos académicos nun ecosistema de publicación académica xusto; implementar os principios FAIR (*Findable, Accessible, Interoperable, and Reusable*) na comunicación científica a nivel de publicación e datos de investigación; implementar os indicadores de investigación e métricas da próxima xeración (NGM), alentar a *European Open Science Cloud* (EOSC) e fomentar a ciencia cidadá.

44. *Science Europe* elaborou un "Plan de acción para o acceso aberto Diamante" (*Diamond Open Access*) A que se refire e que inclúe?

- a) As revistas *Diamond Open Access* representan iniciativas de publicación impulsadas pola propia comunidade e están dirixidas por académicos/as. Estas revistas e plataformas profundan na vía dourada do acceso aberto.
- b) Un modelo de publicación académica no que as revistas e plataformas non cobran nin aos/ás autores/as nin aos/ás lectores/as. As revistas *Diamond Open Access* representan iniciativas de publicación impulsadas pola propia comunidade e están dirixidas por académicos/as. Estas revistas e plataformas encarnan o concepto de bibliodiversidade.
- c) As APCs (*Article Publishing Charges*) recaen sobre as institucións e axencias de financiamento.
- d) Un modelo de publicación académica no que as revistas e plataformas non cobran nin aos/ás autores/as nin aos/ás lectores/as. As revistas *Diamond Open Access* representan iniciativas de publicación impulsadas pola propia comunidade e están dirixidas por académicos/as. Estas revistas e plataformas rexeitan as recomendacións do Plan S.

45. Quen foi o responsable da iniciativa de los Repositorios de Próxima Xeración, Next Generation Repositories (NGRs)?

- a) *Confederation of Open Access Repositories* (COAR)
- b) *OpenAIRE- European Research Area* (ERA)
- c) *OCLC, Online Computer Library Center*
- d) *LYRISIS*

46. PubFAIR (*Findable, Accessible, Interoperable, and Reusable*) é un modelo conceptual que pretende construír unha capa de servizos:

- a) En catálogos de nova xeración
- b) En plataformas de revistas STM
- c) Sobre unha rede distribuída de repositorios
- d) En estándares da web semántica

47. Cal das seguintes afirmacións non é correcta no que atinxe á ferramenta do CSIC: *Información y Documentación de la Ciencia en España* (ÍNDICES-CSIC)

- a) A súa función é a de recompilar e difundir, principalmente, artigos de investigación publicados en revistas científicas españolas.
- b) Substitúe e integra ás antigas bases de datos ISOC, IME e ICYT.
- c) As áreas temáticas que trata son: Ciencia e Tecnoloxía, Ciencias Humanas, Ciencias Sociais, Ciencias Médicas e Multidisciplinares.
- d) Entre as revistas de carácter multidisciplinar non se inclúen as relativas a estudos rexionais e locais.

48. Como se denomina a base de datos que elabora o Centro de Documentación en Ciencias Sociais e Humanas da UNESCO que inclúe institucións, publicacións e investigadores/as do ámbito das Ciencias Sociais?

- a) DASC (*Database of Social Science*)
- b) DARE (*Database of Abstracts of Reviews of Effects*)
- c) MUSE (*Modernity and Disability: Ensuring Quality Education for Disabled Students*)
- d) THESEUS (*Theses and publications of the Universities of Applied Sciences on the Internet*)

49. Como se denomina o proceso continuo e sistemático no que se comparan os produtos, servizos ou procesos da biblioteca cos doutras bibliotecas recoñecidas como líderes, a fin de analizar as diferenzas, definir os plans necesarios para lograr o nivel de excelencia e adoptar as melloras prácticas?

- a) *Empowerment*
- b) *Benchmarking*
- c) *Quality process*
- d) *Management claim system*

50. Segundo a norma UNE-ISO 10002:2018 que establece as directrices para o tratamento das queixas nas organizacións, incluíndo a planificación, o desenvolvemento, o deseño, a operación, o mantemento e a mellora, as queixas son:

- a) Un indicador habitual da baixa satisfacción do cliente, pero a ausencia destas non implica necesariamente unha elevada satisfacción deste.
- b) A expresión de insatisfacción feita a unha organización relativa, única e exclusivamente, ao seu produto ou servizo e tras a que se espera explicitamente unha resposta e unha compensación.
- c) Un incidente de calidade relativo á baixa satisfacción da persoa usuaria no que a súa ausencia leva implícita que o servizo funciona correctamente.
- d) Mecanismos de insatisfacción do servizo prestado que tan só se poden realizar de maneira directa coa organización.

51. Cal das seguintes non é unha característica do libro mesopotámico?

- a) Son obras extensas de gran formato.
- b) A escasa circulación pola inexistencia dun comercio do libro
- c) A anonimia, por tratarse de obras colectivas
- d) A ausencia dos xéneros literarios máis comúns na época como a poesía lírica profana, a dramática e a narrativa.

52. Cal das seguintes afirmacións é incorrecta en relación á biblioteca do emperador Carlomagno?

- a) Estaba situada en Aquisgrán
- b) Era unha biblioteca pública
- c) Os seus fondos eran, preferentemente, cristiáns, pero tamén contaba con obras de autoría pagá.
- d) Entre as súas funcións estaba garantir a conservación e corrección das obras da antigüidade e preparar versións autorizadas dos libros relixiosos

53. Que obra do século XII relativa ao dereito canónico serviu de texto nas universidades durante a Idade Media?

- a) O Decreto de Graciano
- b) *As Sentencias* de Pedro Lombardo
- c) *A Novísima compilación canonum*
- d) *De Re Iuridici* de Thomas Cobham de Worcester

54. Que Papa promulgou en 1564 o *Índice Librorum Prohibitorum* (Índice de Libros Prohibidos) da Igrexa Católica?

- a) Pío IV
- b) Paulo VI
- c) León XIII
- d) Clemente XII

55. Sinale a resposta correcta. A orixe da institución do depósito legal sitúase en:

- a) Inglaterra en 1562 coa *Licensing Act*
- b) Francia en 1537 con Francisco I
- c) Países Baixos en 1566 con Guillermo de Orange
- d) España en 1612 coa fundación da Librería Real

56. En que momento histórico se consideran por primeira vez as bibliotecas como un servizo público e gratuito e a lectura como un dereito do home?

- a) Co Humanismo dos séculos XIV e XV
- b) Coa Revolución Francesa de 1789
- c) Coa Revolución Industrial do século XIX
- d) Tras a I Guerra Mundial

57. En que país se funda en 1802 a primeira biblioteca infantil?

- a) Estados Unidos
- b) Francia
- c) Italia
- d) Reino Unido

58. Cal é a norma internacional que serve de base aos formatos MARC de intercambio de información bibliográfica, de autoridades e de fondos e localizacións?

- a) Norma ISO 9001
- b) Norma ISO 11620
- c) Norma ISO 2709
- d) Norma ISO 690

59. A IFLA fundouse en:

- a) Edimburgo o 30 de setembro de 1927
- b) Edimburgo o 30 de setembro de 1929

- c) La Haya o 30 de setembro de 1927
- d) La Haya o 30 de setembro de 1929

60. No século XVI, os venecianos sobresaíron por unha técnica de encadernación que recibiu o nome de:

- a) Encadernación toscana
- b) Encadernación en filigrana
- c) Encadernación aldina
- d) Encadernación urbina

61. A incorporación dos libros dos conventos suprimidos pola Desamortización eclesiástica aos fondos das bibliotecas universitarias situadas nas capitais de provincia foi consecuencia do cumprimento:

- a) Do Real decreto de desamortización de Mendizábal do 19 de febreiro de 1836
- b) Da Real orde circular do 22 de setembro de 1838 do Ministerio da Gobernación
- c) Da Lei de desamortización xeral de Madoz do 1 de maio de 1855
- d) Da Lei de instrución pública do 9 de setembro de 1857

62. A primeira biblioteca adquirida pola Universidade de Santiago para engrosar os fondos bibliográficos da súa librería foi:

- a) A biblioteca do bispo Carmona
- b) A biblioteca do escultor Felipe de Castro
- c) A biblioteca do bispo López Crespo
- d) A biblioteca de D. Francisco Fernández Lloreda

63. Como se denomina o compendio legal de calidade de medicamentos, que recompila as normas específicas, redactadas en forma de monografías, que describen a calidade física, química e biolóxica que deben observar as sustancias medicinais e excipientes destinados ao uso humano e veterinario, así como os métodos analíticos para o seu control elaborado pola Agencia Española del Medicamento y Productos Sanitarios?

- a) Real Farmacopea Española
- b) CIMA
- c) Vademecum Académico de Medicamentos
- d) BIFAP

64. Escolla das seguintes opcións a que se refire ao título da máis ampla obra de referencia no eido da química Industrial:

- a) SciFinder
- b) ACS American Chemical Society
- c) Ullmann's Encyclopedia of Industrial Chemistry
- d) IEEEExplore

65. A tipobibliografía é a bibliografía que recolle:

- a) O impreso na(s) imprenta(s) dunha localidade determinada
- b) O escrito sobre unha localización xeográfica concreta
- c) A descrición e os datos das obras referenciadas xunto con xuízos de valor sobre os textos recollidos
- d) A información bibliográfica distribuída en seccións e subseccións dun sistema de clasificación elixido previamente.

66. Que entidade é a responsable do repertorio *ISTC Incunabula Short Title Catalogue*?

- a) Library of Congress
- b) British Library
- c) OCLC
- d) Bodleian Libraries

67. Cal non é un estilo de citación bibliográfica?

- a) APA
- b) ICMJE
- c) Vancouver
- d) MLA

68. Que utilidade ten o servizo EzProxy implementado pola BUSC en 2020?

- a) Permite a todos os membros da comunidade universitaria (Alumnado, PDI e PAS) realizar transaccións de circulación e consultas con tecnoloxía NFC.
- b) Permite a consulta integrada nun único punto de acceso ao catálogo, repositorio e recursos electrónicos da BUSC para todos os membros da comunidade universitaria (Alumnado, PDI e PAS).
- c) Permite xestionar referencias bibliográficas en liña a todos os membros da comunidade universitaria (Alumnado, PDI e PAS).
- d) Permite o acceso remoto aos recursos electrónicos subscritos pola BUSC para todos os membros da comunidade universitaria (Alumnado, PDI e PAS).

69. O proxecto *Archivo de la Web Española*, colección formada polos sitios web (incluídos blogs, foros, documentos, imaxes, vídeos, etc.) que se recollen para preservar o patrimonio documental español en Internet e asegurar o seu acceso, foi impulsado e desenvolvido por:

- a) O Ministerio de Cultura y Deporte
- b) REBIUN
- c) A Biblioteca Nacional de España
- d) Archive.org

70. Como se denomina o portal xestionado polo UCL (University College London) que recolecta as teses dixitais en acceso aberto almacenadas en repositorios europeos?

- a) Zenodo

- b) EOSC
- c) DART-Europe E-Theses Portal
- d) EthOS e-theses online service

71. Que é PreLo?

- a) A ferramenta de xestión do préstamo interbibliotecario da BUSC
- b) O xestor de referencias bibliográficas que emprega a USC.
- c) A ferramenta de descubrimento de recursos docentes en liña da USC
- d) A plataforma de préstamo de libros electrónicos mercados ou subscritos pola USC ás persoas usuarias

72. Cal é o nome do buscador e enlazador de recursos electrónicos da BUSC que emprega SFX como resolvidor de ligazóns?

- a) Minerva
- b) Pórtico
- c) ReBusca
- d) EZProxy

73. Segundo se recolle no apartado *Descontos para publicar en acceso aberto* da páxina web da BUSC, sinala cal non é un requisito indispensable para beneficiarse dos descontos nas taxas de publicación de artigos científicos en acceso aberto (APCs) mediante acordos con diferentes editoriais científicas:

- a) Dispoñer dunha conta de correo institucional.
- b) Ser autor/a de correspondencia do artigo en cuestión.
- c) Mencionar de xeito explícito no artigo financiado a axuda recibida para publicar en aberto.
- d) Ser membro da USC na data establecida polo acordo.

74. Como se denomina o proceso que procura a mellora da calidade e cantidade do tráfico web cara a un sitio web ou páxina web dende os motores de busca?

- a) SERP (Search Engine Results Page)
- b) SEO (Search Engine Optimization)
- c) SAO (Search Algorithms Optimization)
- d) PPC (Pay-Per-Click)

75. Cal é a fonte primaria de datos no CWTS Leiden Ranking?

- a) Web of Science
- b) Scopus
- c) Google Scholar
- d) DOAJ

76. CIRC (Clasificación Integrada de Revistas Científicas) clasifica as revistas científicas de ciencias sociais e humanas atendendo aos seguintes criterios:

- a) Q1, Q2, Q3, Q4
- b) A+, A, B, C, D

- c) P, P (Top10%), PP (Top 10%)
- d) Global, National, Regional, Academic

77. Que é DIALNET Métricas?

- a) Unha versión avanzada de Dialnet que proporciona unha serie de servicios de valor engadido, para optimizar as buscas e traballar cos resultados obtidos.
- b) Un proxecto colaborativo no cal se analizan as referencias bibliográficas citadas nas publicacións existentes en Dialnet e se proporcionan indicadores para axudar a determinar a relevancia da produción científica.
- c) Un repositorio de acceso aberto a revistas científicas hispanas a texto completo das áreas das ciencias humanas, xurídicas e sociais.
- d) Unha ferramenta desenvolvida pola Fundación Dialnet que ten como obxectivo difundir, dar visibilidade e transferir á sociedade os resultados das actividades de investigación nas áreas de Ciencias Sociais e Humanidades.

78. Que é CERIF?

- a) Corresponde ás siglas *Common European Research Identification* e consiste nun sistema de información curricular ou aplicación que serve para xestionar todos aqueles datos curriculares relativos á produción e actividade científica dun investigador.
- b) Corresponde ás siglas *Curricula European Research Information Format*, e é formato normalizado de currículo en soporte dixital creado pola FECYT que permite manter e intercambiar información científica curricular.
- c) Corresponde ás siglas *Common European Researcher and Contributor Identification* e se trata dunha organización sen ánimo de lucro que ten como obxectivo crear e manter un rexistro único de investigadores xunto coas súas actividades e resultados de investigación.
- d) Corresponde ás siglas *Common European Research Information Format*, e é un estándar creado por EuroCRIS para manexar e intercambiar información sobre investigadores, organizacións, proxectos e financiamento.

79. DRIS (Directory of Research Information System), recurso que reúne as infraestruturas de xestión da información científica dispoñibles a nivel mundial, é unha iniciativa de:

- a) OpenAire
- b) COAR
- c) euroCRIS
- d) OCLC

80. Como se denomina a plataforma gratuíta e *open source* que dá soporte aos/ás investigadores/as durante todo o ciclo de vida dun proxecto e que foi desenvolvida por Centre for Open Science (COS)?

- a) COAR
- b) DOAJ

- c) OSF
- d) FigShare

81. Que tipoloxías documentais son admitidas no Portal da Investigación da USC?

- a) Artigos, libros, capítulos de libros, achegas a congresos publicadas, teses de doutoramento e patentes
- b) Artigos, resumos de achegas a congresos, achegas en blogs ou plataformas dixitais e informes
- c) Artigos, achegas a congresos publicadas e non publicadas, teses de doutoramento, informes e patentes
- d) Artigos, libros, capítulos de libros, working papers, proxectos de investigación, entrevistas e congresos virtuais

82. Que información contén o perfil dun/ha investigador/a no Portal da Investigación da USC?

- a) Información administrativa; información dos identificadores de autor dispoñibles; listado das publicacións por anos; teses nas que participa como autor, director ou membro do tribunal; proxectos nos que participou ao longo da súa traxectoria investigadora; e colaboracións con outros investigadores e institucións
- b) Exclusivamente un listado das publicacións por anos, coa posibilidade de filtrar por tipoloxía documental, datos descritivos, indicadores bibliométricos e ligazón a texto completo cando sexa posible
- c) Só o nome, correo institucional, adscrición á área de coñecemento, Instituto e Grupo de Investigación e os identificadores de autor dispoñibles
- d) Os datos administrativos, unha foto (opcional), a url persoal, un breve texto de presentación persoal, as palabras chave que definan a súa investigación e as publicacións dos tres últimos anos

83. En que declaración auspiciada pola IFLA se considera que a alfabetización informacional e a aprendizaxe ao longo da vida son faros para a sociedade da información?

- a) Na Declaración de Alexandría (2005)
- b) Na Declaración de Toledo (2006)
- c) Na Declaración de Lima (2009)
- d) Na Declaración de Fez (2011)

84. Cal das seguintes afirmacións sobre os cursos de formación a demanda na BUSC é correcta segundo se establece na súa páxina web?

- a) Están dirixidos unicamente a alumnado de novo ingreso.
- b) Organízanse para grupos específicos de usuarios/as.
- c) Teñen como obxectivo exclusivamente coñecer como acceder á biblioteca.
- d) Están dirixidos principalmente a alumnado de doutoramento.

85. O Curso Básico en Competencias en Información na Contorna Dixital da BUSC ten como un dos seus obxectivos:

- a) Saber empregar ferramentas básicas para editar contidos dixitais, presentar traballos académicos, e almacenar e compartir contidos na nube.
- b) Coñecer máis dunha ferramenta para presentar traballos académicos.
- c) Coñecer, a nivel avanzado, as implicacións da Propiedade Intelectual e como compartir información respectando os dereitos de autor propios e dos demais.
- d) Aprender a planificar unha busca e localizar información pertinente no catálogo da BUSC, bases de datos e na Internet, relacionadas co tema do seu TFG.

86. As áreas que establece o marco conceptual de competencias dixitais para a cidadanía DigComp 2.2 son:

- a) Busca e xestión de información e datos; comunicación e colaboración; creación de contidos dixitais; seguridade; resolución de problemas
- b) Avaliar datos, información e contidos dixitais; xestión da identidade dixital; uso creativo da tecnoloxía; resolución de problemas
- c) Xestión de datos, información e contidos dixitais; colaboración a través de tecnoloxías dixitais; integración e reelaboración de contido dixital; ciberseguridade
- d) Buscar e seleccionar datos, información e contidos dixitais; xestión da identidade dixital; dereitos de autor e licencias; resolución de problemas; ciberseguridade

87. Como define a American Library Association (ALA) nas súas *Guidelines for Implementing and Maintaining Virtual Reference Services* publicadas en 2017 un servizo de referencia virtual?

- a) É aquel servizo sincrónico que permite a interacción en tempo real: a persoa usuaria formula unha pregunta e recibe a resposta do persoal bibliotecario no mesmo momento.
- b) Refírese ao servizo de información e referencia que unicamente emprega recursos dixitais ou electrónicos na resolución da consulta.
- c) E o servizo no cal a persoa usuaria emprega tecnoloxía dixital (por exemplo, chats, videoconferencia ou correo electrónico) para comunicar a súa consulta ao persoal bibliotecario sen estar fisicamente presente.
- d) Refírese ao servizo que emprega a tecnoloxía MOO (Multi-User Object Oriented) para espazos tridimensionais que simulan unidades de información reais, pero de xeito asíncrono.

88. A quen corresponde a coordinación de *Pregunte, las bibliotecas responden*, servizo público de información a través de Internet que se ofrece gratuitamente e que ten como obxectivo satisfacer as necesidades e intereses informativos de todos os cidadáns e cidadás?

- a) Ás Comunidades autónomas con competencias en cultura
- b) Á Biblioteca Nacional de España
- c) Á Dirección General del Libro y Fomento de la Lectura do Ministerio de Cultura y Deporte

d) Á Dirección General de Evaluación y Cooperación Territorial do Ministerio de Cultura y Deporte

89. Quen pode utilizar o servizo de préstamo interbibliotecario da BUSC?

- a) Calquera que o solicite
- b) Unicamente o persoal docente e investigador da USC
- c) Soamente os usuarios propios da BUSC (PDI, PAS e alumnos da USC que posúan unha conta de correo da USC)
- d) Soamente o PDI e o alumnado de máster e doutoramento da USC

90. Seleccione a resposta correcta sobre o formulario electrónico de solicitude de adquisicións da BUSC:

- a) O seu uso está restrinxido aos membros da comunidade universitaria de Santiago de Compostela.
- b) Pódese empregar para solicitar a adquisición de libros, vídeos, revistas e series.
- c) Non se precisa identificación do solicitante para cursar a solicitude.
- d) Non existen restricións temáticas para as solicitudes cursadas a través do formulario.

91. Sinale a resposta correcta en relación co ámbito subxectivo de aplicación da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

- a) As universidades públicas rexeranse pola súa normativa específica e supletoriamente polas previsións da Lei 39/2015.
- b) As universidades públicas rexeranse polas previsións da Lei 39/2015 e supletoriamente pola súa normativa específica.
- c) As universidades públicas rexeranse exclusivamente pola súa normativa específica.
- d) As universidades públicas rexeranse exclusivamente polas previsións da Lei 39/2015.

92. Consonte o artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cales dos seguintes suxeitos non se consideran interesados no procedemento administrativo?

- a) Quen o promova como titulares de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos.
- b) Os que, sen iniciar o procedemento, teñan dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que nel se adopte.
- c) Aqueles cuxos intereses lexítimos, individuais ou colectivos, poidan resultar afectados pola resolución, mesmo cando non comparezan no procedemento.
- d) Todos os suxeitos referidos nos apartados anteriores son considerados interesados no procedemento administrativo.

93. Consonte o artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cal será o prazo máximo para notificar a resolución expresa dun procedemento administrativo?

- a) O fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento. Este prazo non poderá exceder de tres meses en ningún caso.
- b) O fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento. Este prazo non poderá exceder de tres meses agás que unha norma con rango de Lei estableza un maior ou así veña previsto no dereito da Unión Europea.
- c) O fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento. Este prazo non poderá exceder de seis meses en ningún caso.
- d) O fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento. Este prazo non poderá exceder de seis meses agás que unha norma con rango de Lei estableza un maior ou así veña previsto no dereito da Unión Europea.

94. A Lei estatuto básico do empregado público, cuxo texto refundido foi aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, é de aplicación ao persoal ao servizo das Universidades Públicas?

- a) Aplícase unicamente con carácter supletorio ao persoal funcionario e ao persoal laboral ao servizo das universidades públicas.
- b) Aplícase ao persoal funcionario e no que proceda ao persoal laboral ao servizo das universidades públicas.
- c) Aplícase ao persoal laboral e no que proceda ao persoal funcionario ao servizo das universidades públicas.
- d) Non é de aplicación ao persoal docente das universidades públicas, que se rexerá pola súa lexislación específica propia.

95. Consonte o artigo 56 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, cal non é un requisito para poder participar nos procesos selectivos de acceso ao emprego público?

- a) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- b) Ter cumpridos dezaoto anos e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.
- d) Posuír a titulación esixida.

96. Consonte o artigo 78.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, cal é a listaxe completa de principios nos que basearán as Administracións Públicas os procedementos de provisión dos postos de traballo?

- a) Igualdade e mérito.
- b) Igualdade, mérito e capacidade
- c) Igualdade, mérito, capacidade e publicidade.
- d) Igualdade, mérito, capacidade, publicidade e concorrencia competitiva.

97. É de aplicación, e en que termos, á Universidade de Santiago de Compostela a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, atendendo á redacción do seu artigo 2?

- a) Si é de aplicación, tendo en consideración que as universidades públicas rexeranse pola súa normativa específica e supletoriamente polas previsións da Lei 40/2015.
- b) Non é de aplicación, tendo en consideración que a Universidade de Santiago de Compostela forma parte do sector público institucional.
- c) Si é de aplicación, tendo en consideración que as universidades públicas rexeranse polas previsións da Lei 40/2015 e supletoriamente pola súa normativa específica.
- d) Non é de aplicación, tendo en consideración que a Universidade de Santiago de Compostela rexerase pola Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia.

98. O artigo 5 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que a creación de calquera órgano administrativo esixirá, polo menos, o cumprimento dunha serie de requisitos. Cal deles, de entre os que se indican a continuación, non está incluído na devandita relación?

- a) Determinación da súa forma de integración na Administración pública de que se trate e a súa dependencia xerárquica.
- b) Publicación no boletín oficial que corresponda, sen prexuízo da súa difusión consonte o previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- c) Delimitación das súas funcións e competencias.
- d) Dotación dos créditos necesarios para a súa posta en marcha e funcionamento.

99. O artigo 140 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, relaciona os principios de acordo aos cales as diferentes administracións públicas actúan e se relacionan con outras administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas. Cal deles, de entre os que se indican a seguir, non está incluído na devandita relación?

- a) Lealdade institucional.
- b) Colaboración, entendido como o deber de actuar co resto de administracións públicas para o logro de fins comúns.
- c) Solidariedade interterritorial consonte a Constitución.
- d) Transparencia e bo goberno na xestión pública.

100. O Regulamento de transformación dixital, administración electrónica e desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación da Universidade de Santiago de Compostela, publicado no DOG do 31 de agosto de 2021, establece no seu artigo 2 quen están obrigados, ademais dos suxeitos obrigados pola normativa estatal aplicable, a relacionarse coa USC a través de medios electrónicos para os procedementos tramitados por esta universidade, agás que non sexa viable tecnicamente en atención á especialidade do procedemento ou que exista unha regulación do procedemento especial en contrario. Quen son os suxeitos con obrigación de relacionarse electronicamente coa USC?

- a) Únicamente os membros da comunidade universitaria con relación contractual ou estatutaria coa entidade.
- b) Os membros da comunidade universitaria (estudantes, PDI e PAS).
- c) As persoas de nacionalidade española.
- d) O regulamento non establece a obrigatoriedade, pero sí a recomendación de relacionarse electronicamente coa USC a toda persoa de nacionalidade española en posesión de DNI ou certificado electrónico válido e en vigor.

101. Cal é a dirección electrónica de referencia da sede electrónica da USC, consonte o artigo 3 do Regulamento de transformación dixital, administración electrónica e desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación da Universidade de Santiago de Compostela?

- a) <https://sede.usc.org>
- b) <http://sede.usc.gal>
- c) <https://sede.usc.es> ou <https://sede.usc.gal>
- d) <https://sede.usc.edu>

102. Segundo o artigo 33 do Regulamento de transformación dixital, administración electrónica e desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación da Universidade de Santiago de Compostela, en que casos a USC practicará as notificacións por medios electrónicos?

- a) Unicamente cando o interesado estea obrigado a relacionarse electronicamente coa USC.
- b) Cando o interesado estea obrigado a relacionarse electronicamente coa USC ou cando, sen estar obrigado, decidise relacionarse voluntariamente desta forma.
- c) Unicamente nos casos en que o interesado así o solicitara.
- d) En todo caso.

103. No artigo 12 da Lei 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas enuméranse unha serie de principios e valores das bibliotecas. Cal dos indicados a continuación non figura na devandita enumeración?

- a) A liberdade intelectual, o acceso á información e o respecto aos dereitos da propiedade intelectual.
- b) A gratuidade dos seus servizos, como mínimo os de consulta, préstamo persoal e colectivo, acceso a internet, información bibliográfica que se poida obter cos seus recursos, información á comunidade e formación das persoas usuarias.
- c) A pluralidade, en virtude da cal se deberá adquirir, preservar e facer accesible a maior variedade posible de documentos que reflectan a diversidade da sociedade e a súa riqueza lingüística e iconográfica.
- d) O respecto do dereito de cada usuario á privacidade e a confidencialidade da información que busca ou recibe, así como dos recursos que consulta, toma en préstamo, adquire ou transmite, protexendo os seus datos persoais nos termos establecidos polas leis.

104. Consonte o artigo 5 da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, cal das seguintes tipoloxías de biblioteca non se integra no Sistema Galego de Bibliotecas?

- a) As bibliotecas universitarias.
- b) As bibliotecas escolares de centros de ensino non universitario.
- c) As bibliotecas especializadas.
- d) As bibliotecas de titularidade privada que se integren na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia mediante orde da consellería competente en materia de facenda pública

105. No artigo 23 da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, enuméranse os dereitos e obrigas das persoas usuarias das bibliotecas públicas. Cal dos seguintes non é un dereito recollido no devandito artigo?

- a) Usar de maneira gratuíta os servizos básicos da biblioteca, sen prexuízo do establecido na lexislación vixente sobre propiedade intelectual.
- b) Gozar de actividades de animación á lectura nas instalacións dispostas para o efecto.
- c) Dispoñer de equipos para o acceso e a consulta a recursos de información dixital.
- d) Dispoñer de materiais e servizos adaptados a colectivos con discapacidades ou necesidades especiais.

106. Cal é a definición de biblioteca que recolle a Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español no seu artigo 59?

- a) Son bibliotecas as institucións culturais onde se conservan, reúnen, seleccionan, inventarían, catalogan, clasifican e difunden conxuntos ou coleccións de libros, manuscritos e outros materiais bibliográficos ou reproducidos por calquera medio para a súa lectura en sala pública ou mediante préstamo temporal, ao servizo da educación, a investigación, a cultura e a información.
- b) Enténdese por biblioteca a estrutura organizativa que, mediante os procesos e servizos tecnicamente apropiados, ten como misión facilitar o acceso en igualdade de oportunidades de toda a cidadanía a documentos publicados ou difundidos en calquera soporte.
- c) Unha biblioteca é unha organización establecida, apoiada e financiada pola comunidade, tanto a través dunha autoridade ou órgano local, rexional ou nacional ou mediante calquera outra forma de organización colectiva. Proporciona acceso ao coñecemento, á información e ás obras de creación grazas a unha serie de recursos e servizos e está ao dispor de todos os membros da comunidade por igual, sexan cales foren a súa raza, nacionalidade, idade, sexo, relixión, idioma, discapacidade, condición económica, laboral e nivel de instrución.
- d) Defínese como biblioteca aquela organización ou parte dela cuxa principal función consiste en manter unha colección e facilitar, mediante os servizos do persoal, o uso dos documentos necesarios para satisfacer as necesidades de información, de investigación, de educación e lecer dos seus lectores.

107. Consonte o artigo 110 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que característica debe concorrer nas obras literarias, históricas, científicas ou artísticas, para que se inclúan no patrimonio bibliográfico galego?

- a) Que ao respecto destas obras conste a inexistencia de, polo menos, cinco exemplares idénticos en bibliotecas ou servizos públicos.
- b) Que sexan anteriores a 1801.
- c) Que teñan características singulares que lles outorguen carácter único (ex libris, expurgacións, etc.).
- d) Que sexan anteriores a 1965, xeradas, conservadas ou reunidas, no exercicio das súas actividades, polas entidades e asociacións de carácter político, sindical ou relixioso e polas entidades, fundacións e asociacións culturais e educativas de carácter privado, que teñan interese para a historia de Galicia.

108. En que categorías se integrarán, consonte o artigo 10 da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia, os bens inmoables declarados de interese cultural ou catalogados?

- a) Monumento cultural, xardín histórico, sitio histórico, xacemento ou zona arqueolóxica, vías culturais, museo, conxunto histórico, paisaxe cultural, territorio etnográfico.
- b) Monumento, xardín histórico, sitio histórico, xacemento ou zona arqueolóxica, vías culturais, lugar de valor etnolóxico, conxunto histórico, paisaxe cultural, territorio histórico.
- c) Monumento histórico, xardín cultural, sitio histórico, xacemento ou zona arqueolóxica, vías culturais, lugar de valor etnolóxico, conxunto histórico, paisaxe cultural, paisaxe histórica.
- d) Monumento, xardín histórico, sitio cultural, xacemento ou zona arqueolóxica, vías históricas, lugar de valor etnolóxico, conxunto histórico, paisaxe cultural, edificio histórico.

109. Consonte o artigo 3 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, que persoal do citado a continuación non forma parte do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación?

- a) O persoal docente.
- b) O persoal investigador
- c) O persoal técnico.
- d) O persoal que realiza funcións de xestión, administración e servizos relacionados coa investigación, o desenvolvemento, a transferencia de coñecemento e a innovación, cuxo réxime xurídico será o que corresponda segundo a normativa xeral da función pública que lle resulte de aplicación en cada caso.

110. Consonte a redacción vixente do artigo 37 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, despois da publicación da Lei 17/2022, do 5 de setembro, pola que se modifica a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, o persoal de investigación do sector público ou cuxa actividade investigadora estea financiada maioritariamente con fondos públicos e que opte por diseminar os seus resultados de investigación en publicacións científicas, deberá

depositar unha copia da versión final aceptada para publicación e os datos asociados a elas en repositorios institucionais ou temáticos de acceso aberto. En que prazo?

- a) Non máis tarde de doce meses despois da data oficial de publicación.
- b) Non máis tarde de seis meses despois da data oficial de publicación.
- c) De forma simultánea á data de publicación.
- d) Previamente á data de publicación.

111. Cal das seguintes afirmacións é certa, consonte o artigo 31 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación?

- a) Poderán obter a acreditación nacional e, en consecuencia, presentarse aos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios, quen posúa de Título de grao ou equivalente, e cumpran os requisitos esixidos pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, a Lei 7/2007, do 12 de abril e demais normativa aplicable, e polas convocatorias correspondentes.
- b) Poderán obter a acreditación nacional e, en consecuencia, presentarse aos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios, quen posúa de Título de máster ou equivalente, e cumpran os requisitos esixidos pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, a Lei 7/2007, do 12 de abril e demais normativa aplicable, e polas convocatorias correspondentes.
- c) Poderán obter a acreditación nacional e, en consecuencia, presentarse aos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios, quen posúa de Título de doutor ou equivalente, e cumpran os requisitos esixidos pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, a Lei 7/2007, do 12 de abril e demais normativa aplicable, e polas convocatorias correspondentes.
- d) Poderán obter a acreditación nacional e, en consecuencia, presentarse aos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios, quen posúa de Título de licenciado ou equivalente, e cumpran os requisitos esixidos pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, a Lei 7/2007, do 12 de abril e demais normativa aplicable, e polas convocatorias correspondentes.

112. Consonte o artigo 26 do Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia, cal será a duración dos dereitos de explotación?

- a) Os dereitos de explotación da obra durarán toda a vida do autor e setenta anos despois da súa morte ou declaración de falecemento.
- b) Os dereitos de explotación da obra durarán toda a vida do autor e oitenta anos despois da súa morte ou declaración de falecemento.
- c) Os dereitos de explotación da obra durarán toda a vida do autor e noventa anos despois da súa morte ou declaración de falecemento.
- d) Os dereitos de explotación da obra durarán toda a vida do autor e cen anos despois da súa morte ou declaración de falecemento.

113. A autorización outorgada a entidades para a xestión de dereitos de explotación ou outros de carácter patrimonial, por conta e en interese de varios autores ou outros titulares de dereitos de propiedade intelectual, poderá ser revogada consonte o indicado no artigo 149 do Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se

aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual. En que prazo producirá os seus efectos a dita publicación?

- a) Aos 30 días da súa publicación no *Boletín Oficial do Estado*.
- b) Ao mes da súa publicación no *Boletín Oficial do Estado*.
- c) Aos tres meses da súa publicación no *Boletín Oficial do Estado*.
- d) Aos seis meses da súa publicación no *Boletín Oficial do Estado*

114. No artigo 159 do Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, establécense unha serie de contidos que deberán de constar nos estatutos das entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual. Cal dos indicados a seguir non está correctamente formulado?

- a) A denominación, que non poderá ser idéntica á doutras entidades, nin tan semellante que poida inducir a confusións.
- b) O obxecto e fins, que será a xestión dos dereitos ou categorías de dereitos de propiedade intelectual especificándose aqueles que vaian administrar.
- c) As clases de titulares de dereitos comprendidos na xestión e, de ser o caso, as distintas categorías daqueles para os efectos da súa participación na administración e control interno da entidade.
- d) Os criterios para a adquisición e perda da calidade de membro da entidade de xestión, que deberán ser discrecionais, públicos e conformes a dereito.

115. Atendendo ao artigo 6 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o consentimento do tratamento de datos que lle concirnen, por parte da persoa afectada, deberá realizarse manifestando a súa vontade de que así sexa. Mediante que medios pode levar a cabo a dita manifestación?

- a) Unicamente mediante unha declaración responsable.
- b) Unicamente mediante unha autorización expresa.
- c) Mediante unha declaración ou unha clara acción afirmativa.
- d) Mediante a inacción en sentido contrario ao tratamento.

116. Cal dos seguintes non é un dereito das persoas recollido nos artigos 13 a 18 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais?

- a) Dereito de acceso
- b) Dereito de transparencia
- c) Dereito á portabilidade
- d) Dereito de oposición

117. Cal é a relación completa das persoas que están suxeitas ao deber de confidencialidade referido no artigo 5 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais?

- a) As persoas responsables do tratamento de datos.
- b) As persoas encargadas do tratamento de datos.

- c) As persoas responsables do tratamento de datos e as persoas encargadas do tratamento de datos.
- d) As persoas responsables do tratamento de datos, as persoas encargadas do tratamento de datos, e tódalas persoas que interveñan en calquera fase do tratamento.

118. Consonte a disposición adicional novena da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a subscripción a revistas e outras publicacións, calquera que sexa o seu soporte, así como a contratación do acceso á información contida en bases de datos especializadas:

- a) poderá efectuarse, calquera que sexa a súa contía sempre que non teñan o carácter de contratos suxeitos a regulación harmonizada, consonte as normas establecidas na devandita lei para os contratos menores.
- b) poderá efectuarse consonte as normas establecidas na devandita lei para os contratos menores no caso de que o seu importe sexa inferior a 15.000 euros, ou de acordo as normas establecidas para os contratos de servizos se o importe é superior a 5.000 euros e non ten o carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada
- c) poderá efectuarse consonte as normas establecidas na devandita lei para os contratos menores no caso de que o seu importe sexa inferior a 15.000 euros, ou de acordo as normas establecidas para os contratos de subministracións se o importe é superior a 15.000 euros e non ten o carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada
- d) poderá efectuarse consonte as normas establecidas na devandita lei para os contratos menores no caso de que o seu importe sexa inferior a 15.000 euros, ou de acordo as normas establecidas para os contratos mixtos se o importe é superior a 15.000 euros, e non ten o carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada.

119. Para os efectos de identificar as prestacións que son obxecto dos contratos regulados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e tal como indica no seu artigo 2, utilizarase:

- a) O CSV (“Código Seguro de Verificación”)
- b) O CCP (“Código de Contrato Público”)
- c) O CPV (“Vocabulario Común de Contratos Públicos”)
- d) O CVP (“Vocabulario de Contratos do Sector Público”)

120. Consonte o artigo 16 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que consideración terán os contratos de adquisición de programas de ordenador desenvolvidos a medida?

- a) Contratos de subministracións
- b) Contratos de servizos
- c) Contratos mixtos
- d) Contratos de concesión de servizos

121. Como se chama o conflito no que os individuos en conflito conclúen que os beneficios del superan os custos nos que se incorre?

- a) Construtivo
- b) Destrutivo
- c) Efectivo
- d) Dialóxico

122. Os principios fundamentais de EBLIDA (2012) en relación ao libro electrónico son seis:

- a) A adquisición, as licenzas de uso, os *Digital Rights Management* (DRM), o prezo, o préstamo e a privacidade.
- b) A adquisición, o préstamo dixital controlado, o acceso continuo e a conservación a longo prazo, a dispoñibilidade dos metadatos, o prezo e a privacidade.
- c) A adquisición, o acceso, o acceso continuo e a conservación a longo prazo, a dispoñibilidade de metadatos, o prezo e a privacidade.
- d) A adquisición, o préstamo dixital controlado, o acceso continuo e a conservación a longo prazo, a dispoñibilidade dos metadatos, as licenzas e a privacidade.

123. A Lei 17/2022, do 5 de setembro, pola que se modifica a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, establece un novo sistema de avaliacións externas que promove a excelencia e a transparencia na selección e promoción do persoal investigador, consonte cos criterios OTM-R sobre selección e avaliación do persoal investigador, e os incluídos:

- a) Na declaración de San Francisco sobre avaliación na investigación (*Declaration on Research Assessment*).
- b) No acordo sobre a reforma da avaliación da investigación (*Agreement on Reforming Research Assessment*) de *Science Europe*.
- c) No manifesto de Leiden.
- d) No manifesto Altmetrics.

124. Que eran a *capsa* e o *scrinium*?

- a) Tipos de escritura da Antigüidade
- b) Lugares que cumprían a función de biblioteca ou de arquivo durante a época romana
- c) Caixas de forma cilíndrica onde se almacenaban os rolos grecolatinos, consideradas tamén formas primitivas de encadernación.
- d) Utensilios que se empregaban na Antigüidade para escribir sobre o barro.

125. Cales son as opcións de límite por colección que ofrece a busca simple do catálogo IACOBUS da BUSC?

- a) A colección xeral, o fondo histórico, o depósito legal, as revistas, as coleccións dixitais, a Biblioteca América e as teses da USC.
- b) Toda a colección, o fondo galego, as teses da USC, o fondo histórico, a Biblioteca América e o depósito legal.
- c) Toda a colección, o fondo galego, o fondo histórico, as revistas, as coleccións dixitais, a Biblioteca América e as teses da USC.
- d) A colección xeral, fondo galego, o depósito legal, as revistas, as coleccións dixitais, a Biblioteca América e as teses da USC.